



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE DECEMBRO DE 2021, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES/AS ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA
	D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. JOSÉ CALDELAS GONZÁLEZ
	D ^a . MARÍA BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D ^a . RAQUEL SANGIAO DURÁN
	D. CARLOS GARCÍA CUTRÍN
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D ^a . YOLANDA VIEIRO CEBEIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (30/11/2021)

Dáse conta da acta da sesión plenaria celebrada o día 30/11/2021, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2.- Acordo, se procede, sobre do POS + Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios.

Visto o disposto na Base 12 das reguladoras do Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, aprobadas polo Pleno da Deputación con data 26 de novembro de 2021, e publicadas no BOP núm. 22//21, do 30 de novembro

Proponse:



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1.- “Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 1/2022**” da Deputación Provincial da Coruña **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS + Adicional 1/2022	57.727,86 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	57.727,86 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
	(A)	(B)	(A-B)
a) Reforzo- ampliación de persoal, técnico e/ou administrativo, adscrito aos servizos sociais, co obxecto de apoiar aos equipos actuais, e facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.. (O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación)			



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



<p>b) Ampliación e dotación de partidas destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €</p>	0	0	0
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte de achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	740.751,72	504.108,00	236.643,72
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación.</p>			
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas de atención a persoas sen fogar.</p>			
<p>f) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais dos servizos sociais e persoas usuarias dos programas que non contén con medios para adquirir os mesmos, a criterio do persoal técnicos dos servizos sociais.</p>	0	0	0



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



g) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais, consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas.	0	0	0
T O T A L			

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

A Presidencia di que igual que o ano pasado esta cantidade para destinar a gastos extraordinarios no ámbito social cre que o destino é axudara pagar o custe do SAF.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que o seu grupo este ano vai votar a favor, se ben o ano pasado reprochoulle que propuxera destinar a maior parte deste fondo porque votara o PP en contra de un mellor financiamento por parte da Xunta e do Estado a este servizo. Entendían que había outras necesidades, se ben é certo que todos os alcaldes acabaron solicitando isto.

Son 236.000 € que lle custa este servizo de axuda a domicilio e anda dicindo polas parroquias que é moi caro e por iso non hai cartos para inversións. Entende que un servizo destas características, que foi posto en marcha por un goberno socialista, merece este tipo de recursos porque a sociedade cambiou e seguramente se vai ter que seguir necesitando e aumentando esa partida.

A Presidencia di que el dixo que este servizo é básico e fundamental e que hai un incremento de custes e dáselle prioridade a isto e cantos máis recursos invisten aquí menos hai para investir noutros servizos.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, recórdalle que a dedicación exclusiva do Alcalde e subida de salario tamén lle custa fondos ao concello e tamén son fondos que se detraen para outras partidas.

A Presidencia di que iso é demagogia pura e non é nin comparable. Di que é algo cuantitativo, no sentido de que foron en poucos anos moitas máis horas as que se prestan de SAF. O feito de apostar por el significa que evidentemente están comprometidos, a risco de que moita xente se queixe do estado das pistas, etc. Iso demostra o carácter que ten o equipo de goberno en canto á sensibilidade social. Tamén é evidente o esforzo importante do equipo de goberno para esa partida de fondos propios do concello para este servizo. Oxalá nos próximos anos sexa menor porque aumenta a achega da Xunta e do Estado.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que lle consta que dixo nalgunha parroquia que este servizo ocupaba moitos fondos e recórdalle e incide que seguramente co tempo se vaian necesitar aínda máis. Non é que este equipo de goberno estea sensibilizado especialmente con isto, é que lles obriga a lei. Hai unha lei que establece quen necesita



este servizo, como se financia e o resto o pon o concello. Non se pode negar en prestar as horas de servizo que debe prestar.

A Presidencia respóndelle que a lei non lle obriga a un concello a prestar tantas horas. O concello presta as horas que entende que ten que prestar. Por iso hai xente en lista de agarda e se o concello presta máis horas é porque se compromete a financiar máis horas.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que iso dependerá das persoas dependentes que teña o concello e que pasan unha valoración previa da Xunta de Galicia.

A Presidencia replica que hai concellos de todas as cores políticas aos que a Xunta lle ofreceu máis horas e as rexeitaron.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE di que será porque non as necesitan.

A Presidencia contéstalle que é porque ten un custe e hai concellos que non están dispostos a asumir ese custe. Todos están facendo un esforzo grande e cre que é importante que a xente saiba o que se inviste neste servizo e iso é responsabilidade de todas as administracións.

Posta a votación apróbase por unanimidade dos asistentes.

3.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

Quedaba unha pregunta pendente referente á Aula Cemit, e a Presidencia di que os equipos da aula son propiedade do Amtega, pero están mirando se fai a Xunta a inversión na renovación dos equipos ou se a ten que facer o concello e de ser así, a maneira de poder facela, independentemente da responsabilidade da aula. O que ten claro é que hai que actualizar o equipamento da aula.

Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta onde van os 10.000 € que en teoría xa se gastaron este ano, se non se fixo nada.

A Presidencia contéstalle que é unha previsión de crédito, que aínda non se gastaron e trasladouse o crédito para o seguinte ano.

--Ás preguntas formuladas por dona Beatriz Amenal, do PSde-G-PSOE, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto a colgar na páxina web os vídeos das sesións plenarias que faltan dende o mes de abril, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Cernadas Méndez que día que xa están colgados; existía un problema co enlace por iso non se podían ver. Sobre se funciona o streaming, di que non está funcionando. Agora os plenos pódense ver a través de youtube en directo. Seguramente a partir de xaneiro haxa un enlace para todos os plenos a partires de xaneiro.

2º.- Sobre a iluminación que hai na pista de rodadura de Vedra, di que a intención do grupo de goberno é que polo menos en parte das canchas polideportivas exteriores e abertas ao público, é que teñan iluminación ata unha determinada hora para que a xente as utilice libremente cando considere sen ter que estar alguén pendente de acender e apagar as luces.



No caso da pista de rodadura están programadas para acender no momento en que anoitece e no inverno para apagar ás 23:30 horas. No verán modificarase o horario.

Son poucos focos, tipo led e non supón un problema de consumo e agora mesmo non é preciso acender todo.

Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, di que non o dicía polo consumo, senón porque se ven dende o Terrón e segundo se vai acercando molesta.

3º.- Respecto a cal é o motivo da ampliación do prazo de xustificación do proxecto da estación de Santa Cruz coa Deputación de A Coruña, a Presidencia e que iso vai en relación ao tempo que se precisa e se precisou para a adxudicación de parte do servizo.

4º.- Sobre o centro de envasado de San Mamede, a Presidencia cre recordar que dixo que se intentaría facer a través do Agader conseguir esa subvención para o equipamento. Naquel momento non foi posible, pero intentará que ao longo deste ano se poida equipar e poñelo en funcionamento.

5º.- Respecto a escritura dos terreos da depuradora de Trobe, di que están en contabilidade e pode concertar unha cita cando queira e vela.

6º.- Sobre realizar unha homenaxe póstuma ao Xuíz de Paz, don Arturo Cajaraville, a Presidencia di que se as circunstancias o permiten tentarán facelo o máis pronto posible e convocará unha xunta de voceiros para tratar este asunto.

7º.- Respecto a cal é o número de expedientes abertos, pechados, resoltos e o tempo medio de resolución dende a adhesión á APLU, a Presidencia contesta que no concello teñen constancia duns trece expedientes, a expensas de que dende a APLU poidan rectificar esa cifra e sexa algún máis, o que é posible porque cre que hai algúns expedientes dos que non teñen constancia e están pendentes de que corroboren esa cifra. Deses trece expedientes, hai cando menos cinco que están rematados ou en vía de rematar, algúns ben porque xa executaron a demolición, ou ben porque están a punto de legalizar.

A duración depende moitas veces de diferentes cuestións como a complexidade do asunto, da defensa que en cada caso fagan os afectados, etc. Por exemplo hai unha denuncia do ano 2019 que a día de hoxe xa rematou o expediente co derrubamento da construción; e hai outros que duran máis porque presentan recurso tras recurso, proxectos, solicitudes á APLU, etc. Agora mesmo cónstalle que hai dous ou tres expedientes de derrubamento de construcións.

A xente ten que saber que a APLU sempre termina actuando, tarde o que tarde.

De todas as formas, está pendente que a APLU lle confirme os números dende o ano 2015 en diante.

8º.- Sobre o erro que cometeu respecto das escorrentías, a Presidencia di que o erro foi non esixirilles antes o proxecto de escorrentías e vertidos. Non era consciente ou sabedor de que nese caso concreto de Vilanova e con tormentas, se puidesen producir esas escorrentías e vertidos.

--Ás preguntas formuladas polo Sr. Pose Rodríguez, do BNG, a Presidencia contesta:



1º.- Respecto á paralización da cesión do centro de saúde de Vedra, di que é unha opinión que non comparte.

2º.- Sobre das achegas municipais e dos propietarios ao polígono industrial, a Presidencia di que no pleno de xaneiro pasaralle os datos concretos.

--Ás preguntas formuladas por dona Yolanda Vieiro, do BNG, a Presidencia contesta:

1º.- Respecto do informe que no seu momento redactara o Sr. Secretario sobre a compatibilidade ou incompatibilidade do concelleiro con dedicación exclusiva parcial, a Presidencia cédelle a palabra ao Sr. Secretario que di que no ano 2020 non se fixo informe; simplemente contestou na sesión plenaria a unhas preguntas ao respecto. Non cabe informe porque unha cuestión que se entende regular, en todo caso a carga da proba correspóndelle á parte contraria.

De todos os xeitos, ao respecto da actividade do concelleiro González Couto, como xa informou no pleno de data 29/01/2020, sobre se un político cunha dedicación parcial pode realizar traballos que non sexan de xestión municipal, reitera que aínda non sendo o habitual, particularmente non atopou ningunha incompatibilidade.

En relación con que se o concelleiro ao traballar de forma continuada durante catro anos no mesmo posto crea algún tipo de dereito laboral, di que agora mesmo entende que non, dado que prevalece a súa condición de concelleiro e non ten un contrato como o demais persoal laboral. Se presentase a súa renuncia a esta condición, quedaría sen efecto o contrato con estas características. Así mesmo, os concelleiros non están suxeitos nin ao Estatuto da función pública nin ás relacións laborais.

Neste caso concreto, na súa ficha da Seguridade Social figura dado de alta no Réxime Xeral, con ocupación no epígrafe de construción en xeral a tempo parcial, e en canto a actividade económica, en actividades xerais da administración (8411).

O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, solicita ese documento.

2º.- Sobre se é verdade que o concelleiro, o Sr. González Couto, traballa como operario pero non ten contrato laboral, di que xa está contestada polo Sr. Secretario.

A Presidencia di que o que se lle enviou hoxe por correo é o mesmo que lle vai dicir, que o Sr. González Couto tomou posesión como concelleiro no pleno de data 15/06/2019. Figura de alta na Seguridade Social ao ter dedicación parcial igualmente aprobada en pleno como establece a lei, non sendo preciso contrato; polo tanto non existe ningunha irregularidade.

4.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Houbo unha asemblea da Asociación de veciños de San Xián e quere saber se recibiu as peticións que se fixeron nela con respecto ao estado do peche que afecta á igrexa. O muro de pedra que está subindo no medio da aldea de Quintáns xa se veu abaixo nalgunha ocasión e agora cada vez está máis enriba da pista.



2º.- Na corredoira que comunica Matelo e máis a Torre con Paradela hai un pino que caeu dun lado a outro da mesma. Solicita que o retiren e que vixíen os muros de terra que xa cortaron a corredoira ao desprenderse nalgunha ocasión.

--O Sr. García Cutrín, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Cal é a previsión para rematar as obras de pintado e arranxo de tellado da escola unitaria de San Fins e se teñen pensado facelo no verán.

--Dona Raquel Sangiao, do PSdeG-PSOE, pregunta:

1º.- Solicita coñecer a lista de agarda do SAF.

2º.- Pregunta se xa corrixiron a partida que estaba incorrecta nos orzamentos de 40.000€, supostamente para os terreos da depuradora.

--O Sr. Pose Rodríguez, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta como van as negociacións do espazo público de San Xián. Solicita formalmente que se inicie o proceso de expropiación, e logo se chega a un acordo que o retire. Dille á Presidencia que non debe permitir que o ano que vén se inicie o curso escolar cos rapaces na mesma situación.

A Presidencia responde que está pendente de que lle digan se aceptan a oferta realizada ou non.

--Dona Yolanda Vieiro, do BNG, pregunta:

1º.- Pregunta cando se van rematar as obras na estrada que une a Gaiosa coa Ponte de Sarandón, xa que en teoría remataban o tres de decembro.

A Presidencia contesta que nesas obras houbo dous problemas: un técnico por parte da Deputación porque tiveron que facer algo que estaba fóra do proxecto; e un problema de subministración de certo tipo de material, en concreto a varanda. O último que sabe é que só falta que lle chegue a varanda e aglomerar. Conta que despois de Reis xa estea aberta a estrada.

2º.- Respecto ao novo contrato do SAF, pregunta se o pacto que se fixera para as melloras vai comezar coas do ano atrasado ou vai comezar coas do 2022.

A Presidencia entende que comezan como se fose o primeiro ano, pero ten que revisar o contrato. As melloras son por ano e son tres anos de contrato, e está convencido de vai marcar un camiño para moitas traballadoras do SAF de Galicia.

Conclúe ao fio das vinte e unha horas e dez minutos.